



|  |  |  |
|--|--|--|
|  <b>XUNTA DE GALICIA</b><br>CONSELLERÍA DO MAR<br>Dirección Xeral de Ordenación e<br>Xestión dos Recursos Mariños | Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro<br>15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA<br>Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25 |  <b>XACOBEO 2010</b><br>Galicia |
|--|--|--|

### FICHA RESUMO

|                                       |                         |                         |
|---------------------------------------|-------------------------|-------------------------|
| <b>Ano</b>                            | 2010                    | <b>PE403A 2009/38-1</b> |
| <b>Entidade</b>                       | CONFRARIA DE PONTEDEUME |                         |
| <b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b> | MOLUSCOS BIVALVOS       |                         |
| <b>Réxime<sup>(2)</sup></b>           | AUTORIZACIÓN            |                         |
| <b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>       | PE                      |                         |

|                                |  |
|--------------------------------|--|
| <b>Especies</b>                | Ameixa fina ( <i>Ruditapes decussatus</i> ), Ameixa xaponesa ( <i>Ruditapes philippinarum</i> ), Ameixa babosa ( <i>Venerupis pullastra</i> ) e berberecho ( <i>Cerastoderma edule</i> ) |
| <b>Ambito do plan</b>          | Dende praia Almieiras ata punta Carboeira.   |
| <b>Subzonas de explotación</b> | O Fabal, Zopazos, Croa Pequena, Croa Grande, Peregil, canle do Barco e A Pillada   |

| Participantes no plan de explotación                |              |                           |
|---|--------------|---------------------------|
| <b>Número de permex/persoas autorizadas</b>         |              |                           |
| Mariscadoras/es a pé                                | Embarcacións | Tripulantes               |
| 18  | -            | -                         |
| <b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b> |              | <b>Non</b>                |
| Mariscadoras/es a pé                                | Embarcacións | Tripulantes/Habilitacións |
| -   | -            | -                         |

| Calendario de explotación                                |     |     |       |      |      |       |        |        |       |        |     |   |
|--|-----|-----|-------|------|------|-------|--------|--------|-------|--------|-----|---|
| <b>Días máximos de extracción</b>                        | 140 |     |       |      |      |       |        |        |       |        |     |   |
| <b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b> |     |     |       |      |      |       |        |        |       |        |     |   |
| <b>Modalidade<sup>(3)</sup>: Marisqueo a pé</b>          |     |     |       |      |      |       |        |        |       |        |     |   |
| xan  | feb | mar | abril | maio | xuño | xullo | agosto | setemb | outub | novemb | dec |   |
| X  | X   | X   | X     | X    | X    | X     | X      | X      | X     | X      | X   | X |

| Topes de captura <sup>(6)</sup> |                         |             |                         |
|---------------------------------|-------------------------|-------------|-------------------------|
| Especies                        | A pé (mariscadora/día)  | Embarcación | Tripulante/habilitación |
| Ameixa fina                     | 3 kg<br>5 kg (decembro) | -           | -                       |
| Ameixa fina (semicultivo)       | 10 kg                   | -           | -                       |
| Ameixa xaponesa                 | 5 - 7 * kg              | -           | -                       |
| A. xaponesa (semicultivo)       | 10 kg                   | -           | -                       |
| Berberecho                      | 10 kg                   | -           | -                       |
| Ameixa babosa                   | 10 kg                   | -           | -                       |

(\* ) Dependendo do banco a explotar

|                          |                                  |
|--------------------------|----------------------------------|
| <b>Artes a empregar</b>  | Sacho                            |
| <b>Puntos de control</b> | Lonxa de Pontedeume              |
| <b>Puntos de venda</b>   | Lonxa da confraría de Pontedeume |



| Accións a realizar <sup>(7)</sup>                                       | Epocas probables <sup>(8)</sup> |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
|---|---------------------------------|---|---|---|---|---|----|---|---|---|---|---|
|   | X                               | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| <b>Rexeneración zonas improdutivas</b>                                  |                                 | X | X | X | X |   |    |   | X | X |   |   |
| Zonas: Enseada do Fabal   |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
|   | X                               | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| <b>Extracción semente para resembrar</b>                                |                                 | X | X | X | X |   |    |   | X | X |   |   |
| Zonas: Dende o Fabal, a Pillada e a Pía cara ás croas Grande e Pequena. |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
| Especies: Ameixa fina e ameixa xaponesa                                 |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
|   | X                               | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| <b>Sementeiras</b>  |                                 | X | X | X | X |   |    |   | X | X |   |   |
| Zonas:  |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
| Especies: Ameixa fina e xaponesa  |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
|   | X                               | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| <b>Traslados</b>  |                                 | X | X | X | X |   |    |   | X | X |   |   |
| Zonas: Dende a Pillada e a Pía cara ás croas Grande e Pequena.          |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
| Dende o "Fabal", que é zona "C", cara ás croas Grande e Pequena.        |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
| Especies: Ameixa fina e ameixa xaponesa                                 |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
|   | X                               | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| <b>Rareos</b>   |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
| Zonas:  |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
| Especies:   |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
|   | X                               | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| <b>Limpezas e arados</b>  |                                 | X | X | X | X | X |    |   |   |   |   |   |
| Zonas: O Fabal, croa Grande, croa Pequena, Moteis zona "E" (Peregil).   |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
|   | X                               | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| <b>Outros</b>   |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
|   |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |
|   |                                 |   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |

**Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

**Zona de produción:** Os bancos de O Fabal e Zopazos están clasificados como zona clase C pola Orde do 8 de setembro de 2006.

O resto dos bancos incluídos neste Plan atópanse en zona clase B

**Artes:** recóllese a posibilidade do uso de espello e trueiro como elementos auxiliares do sachos.

O espello, que non pode considerarse unha arte extractiva de seu, senón máis ben un xeito de traballar co sachos, non está contemplada no Decreto 424/93, polo que se aproba o regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia. O trueiro, tal e como é empregada na zona, equivaldría (salvando o deseño do utensilio, que se axusta ao contemplado no artigo 127 do devandito Decreto, falando da extracción do ourizo) ao emprego do salabardo (contemplada no apartado 1.D do artigo 118 do 424/93, para o marisqueo a pé), xa que o usan para recoller o material extraído co sachos para a selección dos moluscos das especies e tallas autorizadas.

O emprego destes medios auxiliares permite que as mariscadoras a pé extraian os bivalvos infaunais en fondos que non son accesibles para os raños e as embarcacións dos mariscadores a



flote. Isto resulta beneficioso nunha dobre vertente: por unha parte, dende o punto de vista da xestión do recurso, facilita a extracción do recurso (avaliado e cuantificado coma biomasa comercial para o marisqueo a pé) e, por outra, dende o punto de vista da xestión dos bancos, posibilita a súa remoción, diminuíndo o enfangamento, minimizando o risco de anoxia do substrato e optimizando este para a fixación larvaria e a vida bentónica das especies explotadas. Por outra parte, cómpre destacar que o emprego destes medios auxiliares non supoñen maior risco de sobrexplotación ou de competencia co sector de a flote.

O espello non é unha arte de pesca, senón unha ferramenta que permite observar o fondo mariño con máis claridade.

Polo tanto, non existe inconveniente en que ademais do sacho, podan axudarse co espello e o trueiro nas zonas de canle.

**Cotas máximas de captura:** establécense distincións segundo a orixe dos moluscos:

- Procedente de semicultivo: nestas zonas as cotas de ameixa fina e xaponesa será de 10 kg/mariscadora/día.
- Banco natural : a cota máxima de captura de ameixa fina en bancos naturais establécese en 3 kg por mariscadora e día, salvo no mes de decembro que se incrementa a 5 kg. Por outra parte, en banco natural, prevén un tope máximo de extracción de ameixa xaponesa de 7 Kg na Pillada e na canle do Barco, e de 5 kg por mariscadora e día nos outros bancos naturais das Croas Grande e Pequena, Peregil (zona “E” dos Moteis), o Fabal e Zopazos (estas dúas últimas zonas na actualidade pechadas á extracción por estar catalogadas como zona C).

Cómpre lembrar o estrito cumprimento da normativa sobre a explotación dos moluscos bivalvos nas zonas clasificadas microbioloxicamente como tipo C.

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

**Recomendacións** para a mellora do plan:

- Indicar o modo de organización dos puntos de control e das persoas responsables destes